

MOMENTO ÓPTIMO DE APLICACIÓN DOS TRATAMENTOS CONTRA O MILDIO DA VIDE PARA MINIMIZAR RESIDUOS NO VIÑO (MR331 FEADER 2022-11B)

1. Modelo matemático que determine de forma precisa o momento de maduración da oospora

O momento de maduración de oospora baseado na evolución das condicións meteorolóxicas permite adiantar entre 7 e 10 días o resultado obtido mediante o método físico, o cal nos proporciona un importante horizonte de predición para tomar as primeiras medidas fitosanitarias.

2. Determinación do momento óptimo para a aplicación do primeiro tratamento

Obtivéronse dous modelos para a determinación do momento óptimo do primeiro tratamento. Co primeiro modelo, o tratamento aplícase unha vez que xa se produciu a primeira infección primaria e cando a incubación acada aproximadamente o 80 % de avance. No segundo modelo, realízase un tratamento preventivo antes de que se produza a primeira infección primaria, co obxecto de inhibir a infección e interromper a súa incubación asociada.

3. Modelo do período de cobertura real dos produtos fitosanitarios empregados habitualmente

Para avaliar o período de cobertura dun produto fitosanitario analizáronse os valores de recuento de esporas anteriores e posteriores á súa aplicación, co fin de comprobar se se producía unha redución de esporas. Obtivéronse resultados moi dispares en función do produto fitosanitario empregado, do modo de aplicación e da fenoloxía do viñedo.

4. Determinación do momento óptimo para a renovación dun tratamento

A determinación do momento óptimo de renovación realizouse empregando os modelos de predición de risco de mildio, tendo en conta o estado fenolóxico, a apreciación de síntomas no viñedo e a predición meteorolóxica e, posteriormente, comprobouse a súa eficacia mediante a observación de síntomas no viñedo e co recuento de esporas de mildio nos días anteriores e posteriores á aplicación do tratamento, e obtivéronse bos resultados.

5. Informe sobre o impacto que terán os diversos escenarios do cambio climático predito polo IPCC

As proxeccións para os índices relacionados coa dispoñibilidade de auga poderían incidir na diminución da presión de incidencia do mildio nas áreas situadas na rexión euro-siberiana e nas zonas de transición máis próximas. Se a tendencia de aumento da temperatura continúa, deberíanse realizar algunhas variacións nas prácticas culturais para preservar a idoneidade do cultivo da uva na área estudada, como, por exemplo, o cambio de variedades cultivadas nas próximas décadas, as aplicacións de fertirrigación ou o desprazamento dos viñedos a zonas máis elevadas caracterizadas, actualmente caracterizadas por condicións climáticas máis frías.